

## DIARIO: Iván Escariz (Grupo 1 CGAB)

**18/03/16**

"É o primeiro día nun campionato a nivel nacional, nunha cidade na que nunca estiveches, e con moitos compañeiros, técnicos que non coñeces...Ao principio estas algo perdido, pero a verdade que para min adaptarme a todo isto non foi difícil, todo o mundo axuda e respecta.

Logo dunha viaxe tan longa na que apenas dormes, o primeiro que queres facer é descansar, pero non, esta é un experiencia tan increíble que desde os primeiros minutos aquí, queres gozalo ao máximo.

Nesta xornada 1 participamos tamén da charla inicial do campionato na que xa empezas a coñecer aos técnicos, aos teus compañeiros e o primeiro partido designado para o seguinte día."

**19/03/16**

"Aquí está, empeza o campionato e con el o teu primeiro partido, e como non, tamén empezan a saír os nervios, eses nervios que che xogarán unha mala pasada nas primeiras accións, pero a medida que pasan os minutos atópaste mellor na pista.

Acabado o primeiro partido, xa só pensas nunha cousa, que che dirá o informador no vestiario?, persoalmente, o meu primeiro partido non me gustou, pero para iso está o informe, para que no seguinte encontro intentemos mellorar as cousas.

Vaise acabando o día e aínda que o teu partido non fose o mellor, estas positivo e con ganas de que chegue o seguinte."

**20/03/16**

"Segundo partido do campionato, un segundo partido no que xa non hai tantos nervios e todo sae con máis naturalidade.

Este, o meu segundo partido, gustoume máis, de feito saín contento do pavillón, pero iso si, por moi ben ou moi mal que saia un partido, sempre vas ter que mellorar algo para o seguinte.

A verdade é que eu creo que nestes torneos hai que ser sempre positivos, como ben me dixo unha compañeira "se non es positivo nisto, nunca mellorarás, só farás que cada vez os partidos saian peor, e o único que conseguirás é facerche dano a ti mesmo", e ten razón, hai mirar sempre por mellorar, pero nunca deprimirse por un mal partido. Saíu mal, xa está. Levántate e no seguinte fluirá todo moito mellor."

**21/03/16**

“Día bastante duro, xornada con dous partidos e un deles moi cedo. Iso nótase no corpo, pero aquí hai que dalo todo, non hai desculpa que valga, aquí ou estás ao 110% ou non fas un bo partido, por iso tamén é importante estar moi centrado e non virse abaixo. A verdade é que tiven momentos no meu segundo partido do día no que non estaba o suficiente concentrado. Nestes campionatos é importante estar fisicamente ben, pero eu diría que o máis importante é estar mental e psicoloxicamente moi forte.

Foron dous partidos que, sacando momentos puntuais, gustáronme moito. Tamén dicir que no segundo tiven un susto no ultimo período, no que me empezaron a molestar os tendóns do pé esquerdo, pero aguantei e acabei o partido, grazas a asistencia do fioterapeuta do campionato e do propio fisio galego, Brais Seoane; en parte, grazas aos dous, puideron seguir arbitrando sen ningún tipo de problema.

E... esquecíame de algo! Este día pola noite tamén nos dirían quen arbitraría a seguinte rolda do campionato.”

**22/03/16**

“Levántome moi animado, teño a sorte de arbitrar a seguinte rolda, e nun partido de especial masculina na que os equipos xóganse descender. A priori, o partido ía ser duro e tenso.

Cheguei ao pavillón concentrado e con moitas ganas de arbitrar. O partido foi bastante acougado, algo que e inicio non agardábamnos. Pero, por moi acougado que fose ou por moita diferenza de calidade entre os equipos, nunca baixamos a concentración nin deixamos de esforzarnos ao 110% na pista.

O partido non saíu nada mal, sendo, nese intre, o que máis me gustou de todo o campionato. Agora tocaba esperar á noite para saber as designacións das finais e dos terceiro e cuarto posto.

Permitídemme un consello para chegar lonxe nun campionato: eu penso que o que máis van valorar os técnicos é o esforzo diario por mellorar as cousas. Aínda que che digan que non o fas ben, por moi mal que pites, por moi mal que o fagas, centrarse en mellorar cada día un pouco máis.”

**23/03/16**

“Chegou o último día, o día das finais, tamén o día de despedirse de todo o mundo.

Para min este día foi o mellor, xa que tiven a oportunidade de representar a Galicia arbitrando a Final preferente masculina, unha final na que pensas que empezarás nervioso, pero para nada. Logo de 5 partidos de campionato, xa estás afeito á competición. Xa non hai nervios, nin presión, só pensas en arbitrar o mellor posible.

O partido gustoume moito, vimos baloncesto de moi boa calidade e os nenos e adestradores dedicáronse a colaborar connosco, e iso axudounos moito.

Agora tocaba unha parte dura, a despedida. A min, persoalmente, non me gustan as despedidas e para min todos os compañeiros que tiven aquí en San Fernando non son árbitros, nin técnicos, para min son xa unha familia que teño por todo o país.

E si alguén le isto antes de ir ao próximo Campionato en San Fernando, só dicirlle que vaia a desfrutar, que non pense nas finais, que pense en dar o mellor de si en cada partido, e sempre, sempre, logo dunha mala pitada só podes pensar nunha cousa, na próxima, que vos aseguro, que será a boa”.